

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS

CURSO: 4º ESO

MATERIA: Educación Física

DEPARTAMENTO: Educación Física

DATA: 12-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ª avaliación	
B1.1. Diseñar e realizar as fases de activación e recuperación na práctica de actividade física considerando a intensidade dos esforzos.	EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma. CSC
	EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. CSC
	EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz. CSC
B1.6. Utilizar eficazmente as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, seleccionar e valorar informacións relacionadas cos contidos do curso, comunicando os resultados e as conclusións no soporte máis adecuado.	EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións. CCL, CD
	EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados. CCL, CD
B3.1. Argumentar a relación entre os hábitos de vida e os seus efectos sobre a condición física, aplicando os coñecementos sobre actividade física e saúde	EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva. CMCCT
	EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes. CMCCT
B3.2. Mellorar ou manter os factores da condición física, practicando actividades físico deportivas adecuadas ao seu nivel e identificando as adaptacións orgánicas e a súa relación coa saúde.	EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida. CMCCT
	EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. CMCCT

2ª avaliación	
B2.1. Compor e presentar montaxes individuais ou colectivas, seleccionando e axustando os elementos da motricidade expresiva.	EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición. CCEC
B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.	EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. CAA, CSIEE
	EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. CAA, CSIEE
B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.	EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. CAA, CSIEE
	EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario. CAA, CSIEE
	EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións. CAA, CSIEE
3ª avaliación	
**B1.4. Asumir a responsabilidade da propia seguridade na práctica de actividade física, tendo en conta os factores inherentes á actividade e prevendo as consecuencias que poidan ter as actuacións pouco coidadosas sobre a seguridade das persoas participantes.	** EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas. CSIEE
B4.1. Resolver situacións motrices aplicando fundamentos técnicos nas actividades físico-deportivas propostas, con eficacia e precisión.	*EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características. CAA, CSIEE

	*EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. CAA, CSIEE
B4.2. Resolver situacións motrices de oposición, colaboración ou colaboración oposición nas actividades físico deportivas propostas, tomando a decisión máis eficaz en función dos obxectivos.	*EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria. CAA, CSIEE
	*EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario. CAA, CSIEE
	*EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións. CAA, CSIEE

* Estes estándares trabállanse ao longo do todo o curso a través de distintos deportes, polo que consideramos, que aínda que non se impartiron os deportes previstos para a 3ª avaliación, os estándares si que se traballaron.

** Criterios de avaliación e Estándares de aprendizaxe que non foi posible traballar.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Distintas actividades teóricas e prácticas sobre os contidos impartidos.
	Instrumentos: Exposicións orais ou escritas e retos prácticos.
Cualificación final	<ul style="list-style-type: none"> - Media aritmética das dúas primeiras Avaliacións. - Sumarase a esa media ata 1 punto pola entrega de todas as actividades, que deben ser presentados de forma correcta e completa. 0 puntos se non houbo participación. - Obterá o aprobado o alumnado que acade como mínimo un 5 na nota final. - No caso de non aprobar a materia na convocatoria ordinaria, este alumnado terá a oportunidade de facer unha proba escrita extraordinaria no mes de setembro e de ser posible unhas probas prácticas.
Proba extraordinaria de setembro	Avaliarase ao alumnado sobre os contidos traballados na 1ª e na 2ª avaliación durante o tempo de clases presenciais.
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado coa materia pendente.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados na 1ª avaliación: presentar un vídeo de duración aproximada 5 minutos de forza-resistencia similar ao modelo que se lles enviou ao correo. - Actividades de recuperación: o alumnado con avaliacións suspensas deberá facer un esquema/resumo oral ou escrito dos seguintes temas: A Condición física e presentar un vídeo con unha coreografía de Aerobic. <p>O esquema/resumo deberán estar ben feito e completo e o vídeo cumprir os requisitos da coreografía para poder dar a avaliación por recuperada. De ser así, terase en conta para a media unha nota máxima de 5 puntos.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Os traballos a realizar preséntase a través do correo @telleiras.org. - O alumnado poderá resolver posibles dúbidas a través do correo electrónico. - Cando se suspenderon as clases presenciais, nun primeiro momento, había algún alumno/a non conectado, pero isto xa se solucionou de modo que a día de hoxe xa non hai alumnado sen conectividade.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Na páxina web do IES As Telleiras están os documentos necesarios e enlaces a outros recursos que o alumnado debe consultar para realizar as actividades propostas.</p> <p>A través do correo @telleiras.org se manterá o contacto do alumnado co profesor.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Os contidos para consultar atópanse na páxina web do IES As Telleiras, no Departamento de Educación Física, Materiais didácticos.- Información a través de mensaxes por Abalar ás familias.- Información ao alumnado a través do correo @telleiras.org.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.